

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

SADA

Secretaría

Aprobación definitiva do Regulamento de uso do centro de lecer xuvenil da OMIX

EDICTO

Logo de terse elevado a definitivo o acordo plenario do 28/01/2021 polo que se aproba inicialmente o Regulamento de uso do Centro de Lecer da Oficina Municipal de Información Xuvenil do Concello de Sada (BOP A Coruña núm. 50, do 16/03/2021), en cumprimento do disposto no artigo 70.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, en relación cos seus artigos 49 e 65.2, publícase este edicto para os efectos.

Por tratarse dunha disposición administrativa de carácter xeral non é procedente o recurso na vía administrativa, se ben pode impugnarse o acordo ante a xurisdición contencioso-administrativa no prazo de dous meses, contados dende o día seguinte ao da publicación do seu texto íntegro no Boletín Oficial da Provincia, ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade co previsto no artigo 10.1.b) da Lei 29/1998, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

O texto íntegro do Regulamento de uso do Centro de Lecer da Oficina Municipal de Información Xuvenil do Concello de Sada é o seguinte:

<<REGULAMENTO DE USO DO CENTRO DE LECER XUVENIL AUTO-XESTIONADO CONCELLO DE SADA

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Segundo se recolle no artigo 48 da Constitución Española, os poderes públicos promoverán as condicións necesarias para a participación libre e eficaz da xuventude no desenvolvemento cultural, político, social e económico.

Tamén o artigo 25.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, reconece ao municipio a facultade de promover actividades e prestar servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da veciñanza. Indícase ademais que, é competencia do municipio a promoción de instalacións culturais e deportivas, de ocupación do tempo libre e do turismo.

Segundo isto, a necesidade de prestar atención expresa á mocidade de Sada fixo xurdir a idea no concello de acondicionar un espazo adicado ao lecer e o tempo libre deste colectivo, dotando o mesmo de libros, xogos, material didáctico e introducindo novas tecnoloxías posibilitando o acceso a múltiples recursos de ocio.

Deste xeito, efectuando o correspondente investimento e acondicionadas as dependencias municipais (aula de actividades da planta baixa do edificio da OMIX independente das oficinas administrativas do 1º Andar) sita na Praza da Peixaría s/n, faise necesario a elaboración e aprobación dunhas normas que regulen o acceso, funcionamento, organización e uso das instalacións.

Artigo 1.

O presente Regulamento conterà as normas de funcionamento e uso do Centro de Lecer Xuvenil do Concello de Sada dependente da Concellería de Participación Cidadá, Cooperación, Transparencia, Mocidade e Novas Tecnoloxías.

O centro de Lecer Xuvenil terá as seguintes prioridades de uso:

1º. Actividades socioculturais promovidas polo Concello de Sada.

2º. Centro xuvenil auto-xestionado pola mocidade con idades comprendidas entre os 12 e 18 anos no seguinte horario:

a) Período escolar: De luns a domingo de 17:00 a 20:30 h.

b) Período vacacional (xuño a setembro): De luns a venres de 17:00 h. a 21:30 h.

3º. Asociacións, entidades, colectivos veciñais ou agrupacións de persoas que non teñen porque estar asociados para a realización.

Artigo 2. Obxectivos

O centro de lecer xuvenil do Concello de Sada é un servizo público municipal que ten entre os seus obxectivos:

- a) Proporcionar á mocidade a infraestrutura e os medios necesarios para que poidan medrar, desenvolverse, madurar e propiciar a práctica de valores de solidariedade, sentimento de pertenza, respecto e responsabilidade e cultivar a autonomía e a independencia
- b) Dispoñer dun espazo onde poidan realizar actividades e accións que permitan desenvolver as súas capacidades creativas.
- c) Mellorar a calidade de vida da mocidade incrementando a súa participación activa na sociedade, facilitando a súa integración e a relación entre as persoas.
- d) Fomentar o uso do tempo de lecer en torno ás ferramentas e instrumentos que ofrece o concello.
- e) Propiciar o coñecemento satisfactorio de técnicas, recursos e actividades susceptibles de formar parte dun lecer pleno e auto-xestionado pola xuventude participativa, posibilitando un achegamento ás novas tecnoloxías e garantindo a accesibilidade e correcto uso das mesmas en beneficio dun progreso persoal e social.
- f) Favorecer hábitos de participación xuvenil.
- g) Ofrecer información, asesoramento e formación en materia de xuventude.
- h) Favorecer a participación xuvenil a través do apoio e fomento do tecido asociativo.

Artigo 3. Principio de non discriminación.

O carácter público do centro de lecer xuvenil de Sada, implica que estamos a falar dun servizo plural, destinado inicialmente á un público concreto pero que tamén permite o seu uso e disfrute a outros grupos de idade, sen distinción nin discriminación por razón de sexo, raza, relixión ou calquera outra condición persoal ou social.

Neste senso, o Concello de Sada poderá establecer, tamén, o uso do Centro para outros colectivos, entidades e agrupacións de persoas empadroadas que non teñen porque estar legalmente constituídos como asociación e que a súa proposta de realización de actividades, sempre a criterio da concellería, sexan de carácter cultural, educativo, deportivo, social e de interese xeral para a cidadanía de Sada. Quedan excluídas as solicitudes a colectivos e empresas con animo lucrativo.

Neste caso, a cesión do espazo a estes colectivos estará supeditada á dispoñibilidade do centro segundo o calendario e horarios de reservas establecidos pola concellería que será quen determine finalmente, a cesión (se cumpren cos requisitos establecidos para formalizar a reserva) ou denegación (non cumprir cos requisitos de reserva) en función das solicitudes recibidas.

A interrupción de uso do centro por colectivos sadenses, poderá facerse efectiva e de forma puntual polo Concello de Sada naqueles casos nos que, por circunstancias especiais (desprazamento da Unidade Móbil da Policía Nacional para a expedición do D.N.I., asembleas, reunións ou xuntanzas veciñais, circunstancias motivadas pola alerta sanitaria, etc...), precise destinar o seu uso para outros fins.

Artigo 4. Persoas usuarias.

As persoas usuarias do centro de lecer Xuvenil auto-xestionado, como centro aberto a mocidade, serán os/as mozos/as empadroados/as con idades comprendidas entre os 12 e os 18 anos.

Artigo 5. Proceso de alta e reserva do espazo.

A reserva do Centro de Lecer Xuvenil terá que realizarse da seguinte forma:

1º Deberá darse de alta como usuario/a do centro achegando á OMIX o Anexo I cuberto e asinado polos pais, nais, titores/as. Este pódese atopar na web www.omix.sada.gal.

2º Unha vez que obteña o rexistro como solicitante do centro, xa pode realizar a reserva do espazo a través dun formulario habilitado na mesma páxina. Esta deberase efectuar cun mínimo de 72 h. antes da data solicitada.

Non existe un máximo de reservas anuais, pero sempre terán preferencia de ocupación na data as persoas que se rexistren por vez primeira en detrimento das que xa tiveran realizado algunha reserva anterior.

3º A reserva será efectiva unha vez que sexa confirmada pola propia concellería.

A persoa solicitante, sempre baixo a súa responsabilidade, poderá convidar a outros usuarios ata un máximo de 10 persoas, agás restricións propiciadas pola alerta sanitaria.

Artigo 6. Servizos e actividades.

O Edificio da OMIX do concello de Sada ofrecerá á mocidade os seguintes servizos e actividades:

- **Planta baixa (Centro de lecer Xuvenil)**

- a) Actividades socioculturais: Obradoiros, charlas, actuacións e outras actividades de tempo libre dirixidas á xuventude.
- b) Centro aberto: Espazo de encontro e lecer co seguinte equipamento (TV, Fútbolín, Free Wifi, xogos de mesa, etc...).
- c) Punto de información xuvenil.

- **1º Andar (dependencias administrativas)**

Artigo 7. Horario de uso do Centro

O horario de uso e desfrute do centro de Lecer Xuvenil auto-xestionado para a mocidade recollese no artigo 1º do presente regulamento.

Para o resto de colectivos e entidades solicitantes, o horario establecido será o que determine a Concellería en cada momento e segundo a dispoñibilidade do mesmo.

Estes horarios poderán ser modificados polo Concello de Sada ou axustados en función da normativa sanitaria que estea vixente en cada momento.

Artigo 8. Obrigas e deberes das persoas usuarias.

Deberes a cumprir pola persoa solicitante:

- a) Manter un trato de respecto mutuo cos demais usuarios/as e coas persoas responsables das actividades.
- b) Respetar e velar pola adecuada limpeza e orde do centro, ademais da conservación dos materiais e mobiliario. A incorrecta utilización suporá, á marxe da reposición ou compensación dos eventuais danos causados, a suspensión temporal ou definitiva do dereito de admisión no centro.

As persoas usuarias asumirán a responsabilidade plena e directa polos danos causados que se produzan no centro durante o seu uso, así como as producidas no resto das dependencias municipais ou edificio. Consideraranse responsables (por ser menores de idade) aos pais, nais ou titores.

c) Recoller e ordenar todos os materiais e xogos usados. Todos os recursos empregados no centro deberán devolverse en perfecto estado de conservación.

d) Utilizar os recursos dentro do centro estando terminantemente prohibida sacar material e mobiliario ao exterior.

e) Cumprir e respectar o horario de uso establecido polo Concello de Sada.

f) Respetar a prohibición de xogar diñeiro ou cruzar apostas monetarias.

g) Respetar a prohibición de fumar no centro, consumir bebidas alcohólicas e sustancias estupefacientes.

h) Poñer en coñecemento das persoas responsables do centro as anomalías, irregularidades ou estragos que se observen. No caso de non realizar a debida notificación, a última persoa usuaria será a responsable dos posibles danos que houbese.

i) Coidar e velar dos obxectos persoais, xa que o concello non se fará responsable da súa perda.

j) Aportar os datos persoais (nome, apelidos, DNI, telefono de contacto, email) así coma aqueles datos que sexan necesarios para o rexistro na solicitude do centro.

K) Manter o centro nun correcto estado de limpeza durante o seu uso e con especial atención cando se abandone o mesmo, deixando o local tal e como foi recibido polo solicitante.

Os pais, nais ou titores dos/as solicitantes faranse responsables en caso de incumprimento das normas de funcionamento ocasionado polos menores de idade, ademais de sufragar os gastos de reparación, substitución ou corrección de calquera dano ocasionado polo mal uso da instalación.

Artigo 9. Dereitos dos usuarios.

- a) Recibir información acerca das actividades do centro.
- b) Atención ás súas demandas e suxestións.
- c) A participar na elaboración do plan de actividades a título individual ou a través de colectivos ou grupos informais de mozos/as, incluso coa elaboración de propostas de funcionamento do centro.
- d) A recibir un trato digno e respectuoso por parte dos responsables da OMIX.
- e) A utilizar a instalación e o material existente en condición de igualdade, tendo en conta sempre o respecto ao resto dos usuarios.

Artigo 10. Custodia de obxectos

O Concello de Sada non se responsabilizará dos obxectos persoais que se extravíen ou deterioreen no centro de lecer xuvenil.

Artigo 11. Medidas para restablecer a orde e funcionamento do centro.

Os responsables da concellería poderán adoptar as medidas que consideren oportunas para manter o orde e funcionamento do centro. Poderán negar o acceso ou expulsar das instalacións ás persoas cuxas accións poñan en perigo a seguridade ou tranquilidade dos usuarios/as.

Artigo 12. Prohibicións.

a) Realizar actos que dificulten, obstaculicen ou impidan o desenvolvemento das actividades, supoñan dano material para a instalación ou afecten á hixiene xeral.

b) Introducir obxectos de cristal, sustancias inflamables, perigosas ou nocivas.

c) Manipular os elementos e equipamentos propios do Centro, salvo que así o autoricen os responsables da OMIX.

d) Realizar actos que perturben, molesten e poñan en perigo a outros usuarios/as.

e) Realizar celebracións e festas particulares.

f) Non estará permitido comer no interior do centro Xuvenil salvo no caso de actividades previamente organizadas polo concello (obradoiros de cociña, degustacións culinarias ou similares).

g) Colocar carteis e publicidade sen autorización dos responsables da OMIX. En calquera caso, queda prohibida toda publicidade que poida incitar ao consumo de bebidas alcohólicas, tabaco ou calquera outra sustancia que prexudique seriamente a saúde, ou cuxo contido sexa sexista, xenófobo, etc e que atenten contra os dereitos fundamentais das persoas.

h) Venta e consumo de tabaco, bebidas alcohólicas e calquera sustancia que prexudique a saúde.

i) Realizar fotografías ou vídeos de outros usuarios/as sen consentimento expreso.

j) Introducir mascotas e animais de compañía.

k) Acceder a páxinas racistas, pornográficas ou de contido violento.

Artigo 13. Infraccións

En aplicación do artigo 139 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, as entidades locais poderán establecer os tipos de infraccións e impoñer sancións polo incumprimento de deberes, prohibicións ou limitacións para a adecuada ordenación das relacións de convivencia de interese local e do uso dos servizos, equipamentos, infraestruturas e espazos públicos.

Considérase infracción a realización de actividades prohibidas neste regulamento, así como calquera outra actividade que supoña unha actuación contraria ás máis elementais normas de uso das instalacións ou de convivencia entre as persoas.

1.- Terán a consideración de infraccións moi graves:

- A falta de cumprimento de forma consciente e deliberada das disposicións establecidas neste regulamento, especialmente cando se comprometa a seguridade ou a saúde das demais persoas usuarias do centro ou do persoal responsable.

- Agredir física ou psicolóxicamente a outras persoas usuarias ou ás persoas responsables, así como faltar ao respecto gravemente.

- O consumo de bebidas alcohólicas e estupefacientes.

- A resistencia, coacción, ameaza, desacato ou calquera forma de conduta irrespectuosa exercida sobre as persoas responsables do centro.

- A subtracción, deterioro ou destrución de calquera elemento do centro.

- Cometer tres ou máis infraccións graves no prazo dun ano.

2.- Terán a consideración de infraccións graves:

O incumprimento de xeito reiterado das ordes ou instrucións das persoas responsables do centro.

Os comportamentos e actitudes que perturben ou molesten de forma grave a tranquilidade e a comodidade das demais persoas usuarias.

Cometer tres ou máis infraccións leves no prazo dun ano.

3.- Terán a consideración de infraccións leves:

O incumprimento das normas contidas neste regulamento que, non estando tipificadas como moi graves ou graves, afecten ao normal uso das instalacións do centro, así como aquelas actitudes que perturben ou molesten ao resto de persoas usuarias ou ás persoas responsables do centro.

Artigo 14. Sancións

Imporanse sancións ás persoas usuarias que non cumpran as normas elementais de educación, de convivencia e de uso recollidas no regulamento do Centro de Lecer Xuvenil.

Serán responsables das condutas improcedentes das persoas menores de idade os seus pais, nais, titores, ou representantes legais.

En función da gravidade do incumprimento que se produza, establécese a seguinte gradación nas sancións:

- 1.- Infraccións moi graves: expulsión ou prohibición do acceso ao recinto do centro por tempo indefinido.
- 2.- Por infraccións graves: expulsión ou prohibición do acceso ao recinto do centro por un período de tres a seis meses.
- 3.- Por infraccións leves: Unha infracción leve conleva un aviso. A segunda conleva a expulsión por 30 días.

As sancións serán independentes da obriga de reparar o eventual dano causado e de restituír o que se puidese usurpar, así como doutras responsabilidades en que se puidese incorrer>>.

Sada, o 12 de maio do 2021

O ALCALDE,

Asdo.: Óscar Benito Portela Fernández

2021/4057